



Xefatura Territorial  
Servizo de Montes

SM/ lcc

Asunto: **Rexistro Estatutos da C.M.V.M.C. de BEADE (VIGO).**

Con data 02/08/2021 foron rexistrados con Nº 1124 e en cumprimento do disposto no artigo 16.2 da Lei 13/89 do 10 de outubro do Parlamento de Galicia, os Estatutos que regulan a administración e aproveitamento dos montes pertencentes á C.M.V.M.C. de Beade (Vigo), Concello de Vigo, e recibidos pola Sede Electrónica da Xunta de Galicia en data 26/07/2021 e número de entrada 2021/1808618.

Xefa de Área Montes Veciñais Man Común

Irene Morales Sanz

Asinado dixitalmente

Asinado por: MORALES SANZ, IRENE  
Cargo: Xefa de Área Montes Veciñais Man Común  
Data e hora: 06/08/2021 08:01:14

Código: m15c61v910  
Verificación: <https://sede.xunta.gal/ove>





# **Estatutos da Comunidade de Montes en Man Común de Beade (Vigo)**

Xullo 2021

## CAPÍTULO I DISPOSICIÓN XERAIS

### 1º. Obxecto

Os presentes estatutos teñen por obxecto regular o desfrute e aproveitamento dos montes veciñais en man común da parroquia de Beade, denominados "Fonte Coba, Seijo y otros", declarados de tal carácter o día 22 de novembro de 1979, por resolución do Xurado Provincial de Montes en Man Común de Pontevedra .

Por medio dos presentes Estatutos, a Comunidade Veciñal de Beade regulará o exercicio dos dereitos dos veciños/as comuneiros/as con respecto ao monte, aos órganos de representación e de xestión, á responsabilidade dos seus compoñentes e á impugnación dos seus actos, así como ás demais cuestións que estime pertinentes respecto ao monte, dentro dos límites establecidos pola lexislación en vigor.

### 2º. Prevalencia da lexislación en vigor en cada momento

En caso de contradición entre o estipulado nos presentes Estatutos e a lexislación en vigor, sempre prevalecerá esta última, e así debe ser considerado polos órganos de goberno da Comunidade e os seus comuneiros/as.

### 3º. Usos e costumes

As normas contidas nos presentes Estatutos inspíranse nos usos e costumes tradicionalmente observados para regular o desfrute dos montes "Fonte Coba, Seijo y otros". Non obstante, se se demostrase a existencia de usos e costumes non recollidos nos mesmos, estes serán respectados, existindo a posibilidade de que calquera interesado solicite a súa inclusión nestes Estatutos na seguinte revisión que se faga dos mesmos.

### 4º. Titularidade e características do monte

A titularidade e aproveitamento dos referidos montes, sen asignación de cotas, corresponde á Comunidade Veciñal de Beade, que terá plena capacidade xurídica para o cumprimento dos seus fins, podendo exercitar na vía xudicial e administrativa cantas accións sexan precisas para a defensa dos seus específicos intereses. A representación da comunidade corresponde ao presidente.

A superficie de monte veciñal que xestione a Comunidade será un ben indivisible, inalienable, imprescritible e inembargable. A pesar desas características protectoras, poderá ser obxecto de expropiación forzosa por causas de utilidade pública e interese social prevalente podendo, ademais, establecerse servidumes segundo o estipulado na Lei de Montes Veciñais en Man Común, non estando suxeitos a ningunha contribución de base territorial nin á cota empresarial da Seguridade Social.

### 5º. Posibilidade de cesión do monte veciñal

Non obstante o disposto no artigo anterior, o monte veciñal poderá ser obxecto de cesión temporal, en todo ou en parte, sempre que non estea prohibido pola lexislación en vigor. No caso de establecerse unha cesión, a mesma deberá axustarse ao establecido na lexislación que lle afecte.

## CAPÍTULO II

### DOS COMUNEIROS/AS TITULARES

#### 6º. Composición da Comunidade

Compoñen a comunidade veciñal, sen asignación de cotas, as persoas que poidan ter a condición de comuneiro/a segundo o establecido no seguinte artigo.

#### 7º. Requisitos para ser comuneiro/a

Poderán ter a condición de veciños/as comuneiros/as, as persoas maiores de idade titulares de unidades económicas, produtivas ou de consumo, con casa aberta e residencia habitual independente dentro da parroquia de Beade.

#### 8º. Designación da persoa representante de cada casa

Os membros de cada casa aberta designarán de entre eles quen deberá representar a esa casa nas sesións que se convoquen da Asemblea Xeral. Esa persoa deberá ser maior de idade e reunir os requisitos establecidos no artigo anterior. A todos os fins de participación na comunidade, a calidade de veciño/a comuneiro/a será exercida por dita persoa.

#### 9º. Edificación con máis dunha vivenda independente

No suposto de que varias familias habiten nunha mesma casa ou edificio dotado de vivendas independentes e separadas entre elas, considerarase un comuneiro/a por cada vivenda.

#### 10º. Acreditación de que se conta cos dereitos como comuneiro/a

A simple inclusión na relación de veciños/as comuneiros/as será suficiente para acreditar os dereitos como tal. Para iso é necesario que esa inclusión fose aprobada pola Asemblea Xeral e que figure no correspondente libro ou base de datos de rexistro.

CAPÍTULO III  
**ADQUISICIÓN DA CONDICIÓ DE VECIÑO/A COMUNEIRO/A**

**11º. Adquisición da condición de veciño/a comuneiro/a**

Adquirirán o dereito e a condición de veciño/a comuneiro/a de xeito inmediato, previa admisión por acordo da Asemblea Xeral, as persoas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 7º dos presentes Estatutos, sempre que non haxa outra persoa que resida no domicilio familiar con esa condición, debendo proceder de unidades familiares que xa contasen con representación na Comunidade xa que, do contrario, deberá cumprirse o período mínimo de residencia estipulado na cláusula seguinte.

**12º. Período mínimo de residencia**

No caso dos veciños/as que non procedan de unidades familiares que xa contasen con representación na Comunidade, o prazo de residencia previa para poder adquirir a condición de comuneiro/a será de dous anos, sempre que acrediten o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 7º dos presentes Estatutos.

**13º. Período mínimo para veciños/as retornados/as**

A persoa emigrada que retorna ao lugar, recupera de inmediato os seus dereitos, sempre que cumpra cos requisitos establecidos no artigo 7º dos presentes Estatutos.

**14º. Proceso de admisión dun veciño/a comuneiro/a**

As persoas que queiran ter a condición de veciño/a comuneiro/a, cos dereitos e obrigas inherentes á mesma, deberán solicitalo por escrito á Xunta reitora. Esta poderá, de consideralo necesario, e en caso de dúbida, solicitar testemuña doutros/as comuneiros/as, ou solicitar a oportuna documentación que o acredite (certificado de empadramento, certificado de convivencia, contrato de aluguer, recibos de subministración de servizos, etc.) para verificar o cumprimento do requisito establecido no artigo 7º dos presentes Estatutos.

**15º. Falecemento dun comuneiro/a**

No caso de que faleza un comuneiro/a, perde de xeito inmediato os dereitos que tiña conferidos, podendo solicitar a alta como veciño/a comuneiro/a outra persoa que habite na mesma vivenda onde residía a persoa falecida. En ese caso aplicaráselle o establecido nos artigos 11º e 14º dos presentes Estatutos.

**16º. Libro rexistro de comuneiros/as**

A Xunta Reitora elaborará e conservará constantemente actualizado, coas altas e baixas que se produzan, o libro-rexistro ou base de datos que conteña a relación dos comuneiros/as.

Todas as altas e baixas de comuneiros/as deberán ser aprobadas pola Asemblea Xeral, podendo esta revisar en todo momento a relación de comuneiros/as. Unha vez que se recoñece a unha persoa a condición de comuneira, o secretario da Xunta Reitora procederá á súa inclusión no Libro Rexistro de Comuneiros/as.

A Xunta Reitora é a responsable de facer cumprir todo o establecido na lexislación en vigor en relación coa comunicación do censo de comuneiros/as.

CAPÍTULO IV  
**DEREITOS E OBRIGAS DOS VECIÑOS/AS COMUNEIROS/AS**

**17º. Dereitos do veciño/a comuneiro/a**

Ademais dos dereitos que se establezan no resto de preceptos destes Estatutos ou na lexislación de montes veciñais, son dereitos dos veciños/as comuneiros/as os seguintes:

- a) Ser convocados ás asembleas xerais e participar nas mesmas con voz e voto;
- b) Participar na administración, control e goberno da Comunidade, no caso de ser elixidos membros da Xunta reitora;
- c) A informarse daqueles datos que lle poida interesar coñecer sobre a marcha da Comunidade, así como formular os reparos que considere convenientes. A Xunta reitora regulará a forma de exercer este dereito de tal maneira que non altere a boa orde da Comunidade nin cause prexuízo a esta ou ao monte veciñal;
- d) Participar no desfrute do monte e os beneficios que se produzan, de acordo coas normas sinaladas pola Asemblea Xeral;
- e) Traballar no aproveitamento do monte segundo o que decida a Asemblea Xeral;
- f) Exercitar o dereito a voto para elixir aos membros da Xunta Reitora así como presentar candidaturas aos distintos cargos;
- g) Defender os intereses da Comunidade de forma extraxudicial ou xudicial, incluso tendo que serlles reintegrados os gastos que lle ocasione tal defensa, sempre que prosperen as súas pretensión ou sexa aprobado pola Asemblea Xeral.


**18º. Obrigas do veciño/a comuneiro/a**


Ademais das obrigas que se establezan no resto de preceptos destes Estatutos, ou na lexislación de montes veciñais en man común, relaciónanse as seguintes obrigas dos veciños/as comuneiros/as:

- a) Cumprir de xeito fiel cos preceptos establecidos na lexislación de montes veciñais en man común, nestes Estatutos e nos acordos que se emanen da Asemblea Xeral e da Xunta Reitora;
- b) Efectuar, dentro dos prazos que se establezan, as aportacións obrigatorias que fixe a Asemblea Xeral;
- c) Desempeñar con toda dilixencia os cargos da Xunta Reitora da Comunidade ou calquera outro para o que fose designado;
- d) Comportarse con respecto cara aos demais comuneiros/as cando asiste ás reunións para as que fose convocado/a. Calquera abuso ou actitude por parte dun comuneiro/a que non se acomode ás directrices do presidente/a poderá supor a súa expulsión da sesión da Asemblea xeral que se estivera celebrando;
- e) Non causar danos ou prexuízos ao monte veciñal nin obstaculizar de xeito deliberado o normal funcionamento dos órganos da Comunidade;
- f) Para os que, de xeito voluntario, acepten traballar no aproveitamento do monte, poñer a máxima dilixencia no desempeño das funcións e labores que se lle fosen encomendadas;
- g) Colaborar amplamente coa Comunidade ou veciñanza en situacións de necesidade, así como procurar a custodia, defensa e conservación do monte.

**19º. Perda dos dereitos inherentes a condición comuneiro/a**

Os dereitos inherentes á condición de comuneiro/a pérdense polas circunstancias seguintes:


- 
- a) Deixar de cumprir algún dos requisitos necesarios para adquirir a condición de veciño/a comuneiro/a tal como se establece no artigo 7º dos presentes Estatutos;
- b) Por acordo da Asemblea Xeral a proposta da Xunta Reitora da Comunidade, nos seguintes casos:
- i. Por facer un uso dos bens comunais distinto ao establecido polos órganos da Comunidade;
  - ii. Por causar danos graves no acervo común;
  - iii. Por impedir aos demais comuneiros/as o lexítimo exercicio dos seus dereitos como tales respecto dos bens da Comunidade;
  - iv. Por negarse a colaborar de xeito inxustifico no mantemento e mellora do acervo común;
  - v. Por renuncia voluntaria.



A perda da condición de comuneiro/a non será extensiva aos descendentes ou demais persoas que convivan con ela e que reúnan os requisitos para adquirila.

## 20º. **Recuperación da condición de veciño/a comuneiro/a**

Unha vez cesadas as causas que a provocaron, o comuneiro que perdera tal condición poderá recuperala previa aprobación da Asemblea Xeral.





## CAPÍTULO V ÓRGANOS DA COMUNIDADE

### 21º. Órganos da Comunidade

O goberno e administración da comunidade levarase a cabo por:

- a) A Asemblea Xeral; e
- b) A Xunta Reitora.

### 22º. A Asemblea xeral

A Asemblea Xeral de comeneiros/as será en todo momento o órgano supremo da Comunidade, expresando a vontade da mesma e estando composta por tódolos veciños/as comeneiros/as.

### 23º. Periodicidade das reunións da Asemblea xeral

A Asemblea xeral reunirse con carácter ordinario unha vez ao ano, sempre dentro dos primeiros seis meses do ano natural, salvo que a lexislación en vigor estableza un período inferior.

Con carácter extraordinario, poderase convocar a Asemblea Xeral as veces que se queira por iniciativa do presidente ou da Xunta Reitora, ou por petición escrita dun mínimo que represente ao 20% dos comeneiros/as, ou unha porcentaxe menor de ser así establecido na lexislación en vigor no momento de solicitalo.

### 24º. Convocatoria da Asemblea xeral

As convocatorias para a Asemblea Xeral serán efectuadas, cando menos, con dez (10) días de antelación. Estas convocatorias faranse mediante notificación escrita polo secretario/a a tódolos comeneiros/as indicando lugar, data e hora para a primeira e segunda convocatoria e coa orde do día dos asuntos a tratar. Estará exposta durante o mesmo prazo no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, así como nos lugares de costume. Para dita convocatoria sinalarase, se procede, o lugar onde cada veciño/a comeneiro/a poderá examinar a documentación dos asuntos que figuran na orde do día.

Entre a hora da primeira e a da segunda convocatoria debe respectarse, cando menos, a diferenza que se estableza na lexislación aplicable que, no momento de aprobación dos presentes Estatutos, é de dúas (2) horas.

### 25º. Validez da convocatoria

Para que os acordos da Asemblea Xeral teñan validez, é necesario que a mesma conte con quorum suficiente para a súa celebración segundo o establecido na Lexislación vixente en materia de montes veciñais en cada momento e que, no momento de aprobación dos presentes Estatutos, sitúase nun cincuenta por cento (50%) dos comeneiros/as en primeira convocatoria e dun vinte e cinco por cento (25%) en segunda.

### 26º. Delegación noutro comeneiro/a

A persoa comeneira ten a posibilidade de delegar noutro comeneiro/a o seu dereito de asistir e votar nunha sesión da Asemblea Xeral. Para que sexa efectiva, o comeneiro/a no que se delega deberá acreditar, ao comezo da sesión, esa delegación mediante a presentación do escrito de delegación. Ningún asistente poderá ostentar máis dunha delegación.



## 27º. Acordos tomados na sesión da Asemblea Xeral

Salvo nos casos expresamente tipificados nestes Estatutos ou na lexislación que sexa de aplicación ás comunidades de montes, os acordos deberán ser tomados pola maioría simple dos asistentes e obrigarán a tódolos comuneiros.

## 28º. Nulidade de certos acordos

Serán nulos os acordos adoptados en sesións extraordinarias da Asemblea Xeral sobre asuntos non comprendidos na convocatoria, así como os adoptados en sesións ordinarias da Asemblea Xeral sobre temas non incluídos na orde do día.

## 29º. Redacción das actas das sesións da Asemblea Xeral

O secretario/a levantará a correspondente acta do resultado das sesións da Asemblea Xeral, nas que deberá constar a decisión da maioría respecto a cada un dos puntos da orde do día, expresando o número de votos a favor, en contra e abstencións e, cando algún asistente quixera facer constar a súa oposición, deberá facer constar o seu nome e apelidos. A acta será asinada polo secretario/a co visto bo do presidente/a.

En ausencia do secretario/a, levantará acta o vogal de menor idade.

## 30º. Competencias da Asemblea Xeral

É competencia da Asemblea Xeral as seguintes cuestións:

- a) Elixir ao presidente/a e demais cargos da Xunta Reitora;
- b) Aceptar novos/as comuneiros/as (sempre que reúnan os requisitos necesarios) e ratificar as baixas acordadas pola Xunta Reitora;
- c) Decidir sobre a perda, total ou parcial, dos dereitos dun comuneiro/a;
- d) Dirimir as discordias relacionadas co monte veciñal que existan entre comuneiros/as;
- e) Aprobar os orzamentos anuais, o investimento de remanentes líquidos, as obras sociais, as melloras comunitarias, os préstamos, os créditos, os avais, a sinatura de convenios e as contas do exercicio;
- f) Aprobar a entrada da Comunidade en federacións, unións e/ou mancomunidades;
- g) Aprobar, reformar ou revogar estes Estatutos;
- h) Aprobar ordenanzas ou regulamentos de réxime interno para usos, actividades ou aproveitamentos diferenciados;
- i) Aprobar as permutas, cesións, arrendamentos, dereitos de superficie, as súas posibles modificacións e toda clase de contratos con terceiros segundo o establecido na lexislación vixente e, de forma concreta, todo o referente a autorizacións e concesións para constituír e aproveitar espazos dentro do monte, así como as cotas que percibirá a Comunidade por tales conceptos;
- j) Aprobar a adquisición de montes e os procesos de reestruturación parcelaria;
- k) Ratificar os deslindes entre montes veciñais en man común e con propiedades particulares;
- l) Autorizar á Xunta Reitora ou a membros determinados dela para o outorgamento de contratos;
- m) Aprobar a distribución de aproveitamentos, beneficios pecuniarios e cargas;
- n) Ratificar ou rectificar tódolos acordos da Xunta Reitora que se estimen pertinentes;
- o) Impoñer sancións aos infractores das normas ditadas pola Asemblea xeral e a Xunta reitora;
- p) Resolver as reclamacións previas á vía xudicial contra os acordos adoptados pola mesma e pola Xunta Reitora;

- q) Aprobar os instrumentos de ordenación ou de xestión forestal e as súas revisión ou outros instrumentos de xestión do monte;
- r) Aprobar os cambios de uso forestal;
- s) E, en xeral, todas aquelas funcións non encomendadas á Xunta Reitora da Comunidade de forma expresa.

### 31º. **Mayorías necesarias para a adopción de acordos**

A reforma ou revogación dos estatutos, así como os acordos referidos aos actos de disposición, requirirán o voto favorable da maioría cualificada dos comeneiros/as que estableza a lexislación en vigor. No momento de aprobación dos presentes Estatutos, establécese na lexislación en vigor que é necesario o voto favorable da maioría dos presentes nunha determinada sesión da Asemblea Xeral e que dita maioría representará, cando menos, o 50% do censo de comeneiros en primeira convocatoria e o 30% en segunda.

Os demais acordos serán adoptados por maioría simple.

### 32º. **A Xunta Reitora**

A Xunta reitora é o órgano de goberno, xestión e representación da Comunidade, elixida por maioría simple en votación da Asemblea Xeral.

### 33º. **Composición da Xunta Reitora**

Poden ser membros da Xunta Reitora calquera dos comeneiros/as da Comunidade.

A Xunta Reitora estará formada por un presidente, un vicepresidente, un secretario, un tesoureiro e o número de vogais que a Asemblea Xeral considere necesarios en cada momento, non podendo ser superior a seis.

Estes cargos son gratuítos e honoríficos, sen prexuízo de percibir dietas ou o abono dos gastos que a súa función orixine.

### 34º. **Período de vixencia da Xunta Reitora**

A Xunta Reitora da Comunidade será elixida pola Asemblea Xeral polo período máximo que permita a lexislación aplicable en cada momento (catro anos no momento de aprobación dos presentes Estatutos), podendo ser reelixida, total ou parcialmente, cando remate o período para o que fora elixida ou cando conorra calquera das circunstancias descritas no artigo seguinte.

### 35º. **Posibles causas de cese dos membros da Xunta Reitora**

Con anterioridade ao remate do seu mandato, calquera membro da Xunta Reitora poderá ser cesado por algún dos seguintes motivos:

- a) Falecemento, incapacidade de obrar ou calquera limitación que impida ou dificulte o normal desempeño do seu cargo;
- b) Perda da condición de comeneiro ou revogación da representación que ostente;
- c) Renuncia expresa admitida pola Asemblea Xeral;
- d) Deixar de asistir sen xustificación a tres xuntas consecutivas;
- e) Remoción aprobada por maioría simple dos comeneiros asistentes á sesión de carácter extraordinario da Asemblea Xeral, celebrada por petición de, cando menos, un terzo dos comeneiros ou unha porcentaxe menor, se así o dispón a lexislación vixente nese momento.

Nos casos a), b) e c), se o cese afectase ao presidente, poderá ser substituído polo vicepresidente durante o que resta de mandato no caso de ser ratificado. De non ser ratificado, o presidente deberá ser substituído por outro comuneiro elixido pola Asemblea Xeral.

Se o cese afectase ao secretario ou tesoureiro, poderá ser substituído por un dos vogais sempre que sexa ratificado pola Asemblea Xeral, quedando un posto de vogal vacante. Isto mesmo aplicarase no caso de que o cese afecte ao vicepresidente.

No caso de cese conxunto ou acumulado de tres ou máis cargos da Xunta reitora, convocarase unha sesión extraordinaria da Asemblea Xeral para a elección de nova Xunta Reitora.

### **36°. Constitución das sesións da Xunta Reitora**

A Xunta Reitora reunirse cando menos seis veces ao ano e todas aquelas veces que a convoque o seu presidente por propia iniciativa ou porque sexa solicitado por, cando menos, dous membros da Xunta Reitora ou o vinte e cinco por cento (25%) dos comeneiros/as.

Para que sexa validamente constituída a referida sesión da Xunta Reitora, deberán asistir cando menos tres membros da mesma. A asistencia ás sesións da Xunta Reitora será sempre persoal sen que se admitan delegacións, excepto a do presidente/a a favor do vicepresidente/a. A convocatoria das reunións será realizada polo secretario/a a cada un dos membros da Xunta Reitora con dous (2) días de antelación como mínimo, indicando data, hora e lugar, así como os asuntos a tratar.

Das sesións da Xunta Reitora levantará acta o secretario que, na súa ausencia, será substituído polo vogal de menor idade.

A xestión diaria e a organización e execución das encomendas acordadas pola Asemblea Xeral, ou derivadas das sesións da Xunta Reitora, poderá realizarse facendo uso de medios de comunicación electrónicos, tales como o correo electrónico, grupos sociais creados ao efecto, etc., así como outras formas de comunicación grupal que as novas tecnoloxías de comunicación poidan desenvolver.

### **37°. As decisións da Xunta Reitora**


As decisións da Xunta Reitora adoptaranse por maioría simple, co voto de calidade do presidente, en caso de empate.

As decisións tomadas obrigarán a toda a Xunta Reitora.

### **38°. Funcións da Xunta reitora**

Son funcións da Xunta Reitora:

- a) Executar os acordos tomados pola Asemblea Xeral;
- b) Presentar á Asemblea Xeral as propostas de altas e baixas de comeneiros/as, de imposición de períodos de carencia e cotas de ingreso, de sancións e de suspensións temporais de determinados dereitos, segundo o establecido no presente Estatutos;
- c) Confeccionar e presentar á Asemblea Xeral os orzamentos e balances;
- d) Promover e confeccionar os instrumentos de ordenación ou cambios nos mesmos que permitan un mellor aproveitamento do monte.
- e) Promover o deslinde do monte veciñal;
- f) Executar as actuacións programadas no instrumento de ordenación ou no instrumento de xestión aprobado pola Asemblea Xeral. En caso necesario ou forza maior, executar os traballos de mellora, conservación ou os aproveitamentos de pequena contía que non se recollan expresamente no instrumento de ordenación;

- 
- g) Decidir sobre a interposición das accións xudiciais que se estimen necesarias, dando conta á Asemblea Xeral na primeira reunión que se celebre para a súa ratificación;
  - h) Analizar e valorar os actos de disposición permitidos na lexislación vixente de montes veciñais en man común de Galicia que poidan ser de interese para a Comunidade. Unha vez estudiaados, presentaranse á Asemblea xeral para a súa aprobación, se procede;
  - i) Decidir sobre a apertura ou cancelación de contas bancarias a nome da Comunidade;
  - j) Allear os aproveitamentos de madeira ou de calquera outro aproveitamento con rendemento pecuniario unha vez autorizados pola Asemblea Xeral, ou de xeito inmediato sen autorización da Asemblea xeral en caso excepcional de urxencia xustificada;
  - k) Solicitar axudas ás diferentes administracións e entidades privadas, a súa aceptación e a súa xustificación;
  - l) Realizar as oportunas tramitacións e xestións vía sede electrónica;
  - m) Realizar os actos de administración ordinaria, incluído ter ó día os libros de actas e o rexistro de veciños/as comuneiros/as e de contas;
  - n) Convocar as reunións da Asemblea Xeral;
  - o) Adoptar aquelas decisións urxentes que non admitan a súa demora ata a celebración da Asemblea, sen prexuízo da súa ratificación por esta última;
  - p) En xeral, administrar a comunidade e facer todo aquilo que lle delegue a Asemblea Xeral ou imponha a Lei de montes veciñais vixente e o seu regulamento en cada momento.




### 39º. Funcións do presidente/a

O presidente/a ostenta a representación legal da Comunidade e deberá acreditar dita calidade ao realizar os actos de disposición (adquisicións, cesións, expropiacións forzosas, ocupacións e servidumes, dereitos de superficie, permutas, arrendamentos e concentración parcelaria) ou calquera operación financeira ou administrativa autorizada pola Asemblea Xeral.

Poderá nomear, non obstante, outros representantes para asuntos concretos, cando o considere oportuno ou se atope imposibilitado.

Tamén poderá autorizar coa súa sinatura as actas, certificacións e outros documentos. Custodiará, controlará e xestionará o certificado electrónico oficial da comunidade así como as diversas xestións realizadas con este a través das oportunas sedes electrónicas, carpetas do cidadán e buzóns electrónicos de notificacións.



O vicepresidente substituirá ao presidente na súa ausencia en asuntos de representación e auxiliará ao presidente nos trámites da súa competencia.

### 40º. Funcións do secretario/a

O secretario/a será a persoa encargada das citacións, redaccións das actas nos libros destinados ao efecto, da correspondencia, das certificacións, da custodia do rexistro de comuneiros/a onde constarán os seus nomes, domicilio e data de inscrición, do libro de actas onde se reflectan os acordos tomados nas sesións que se celebren, facendo constar a suficiencia de quorum de asistencia esixido legal ou estatutariamente e as maiorías polas que se adopten os acordos. En xeral, encargarse de gardar toda a documentación da Comunidade.

Terá que certificar o contido dos libros a petición xustificada de calquera comuneiro/a, que non lle poderá ser denegada, supeditada sempre ás oportunas limitacións establecidas pola lei de

protección de datos. Así mesmo será a persoa depositaria das candidaturas que se presenten ás eleccións de Xunta Reitora.

#### 41º. **Funcións do tesoureiro/a**

O tesoureiro/a será a persoa encargada de controlar a procedencia das xestións económicas e reflectir a marcha da comunidade nos libros de contabilidade, así como controlar os caudais desta. Responsabilizarase da comunicación dos ingresos e reinvestimentos ante a Consellería do Medio Rural dentro do período que se estableza regulamentariamente.

#### 42º. **Funcións do vogais**

Os vogais, de existir, terán as funcións que lles encomende a Xunta Reitora.

#### 43º. **Outros xestores**

A Asemblea Xeral poderá nomear os xestores ou comisións xestoras que considere oportuno para unha mellor administración de determinadas áreas do monte, de aproveitamentos concretos ou para poder cumprir misións específicas dentro da comunidade.

Ditas comisións terán as facultades que a Xunta Reitora lles asigne nas cuestións que lle foran encomendadas e os seus acordos deberán ser ratificados por esa mesma Xunta reitora.

### CAPÍTULO VI

## **RESPONSABILIDADE DOS ÓRGANOS DE GOBERNO**

#### 44º. **Responsabilidade da Asemblea Xeral**

A Asemblea Xeral será responsable ante os comuneiros/as da boa marcha da comunidade e do cumprimento das súas obrigas, dos presentes Estatutos e da lei e regulamentos relacionados cos montes veciñais en man común.

#### 45º. **Responsabilidade da Xunta Reitora**

A Xunta Reitora será responsable perante a Asemblea Xeral do fiel cumprimento das funcións que lle encomenda a Lei de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, así como as que se sinalen nestes estatutos e as que lle encomende a Asemblea Xeral.

A responsabilidade da Xunta Reitora será colexiada, a non ser que algún dos seus membros traspase os límites das facultades que lle foran conferidas e actúe a nivel persoal con terceiras persoas, caso en que se lle esixirá responsabilidade individual. Tamén, no caso de que un membro da Xunta Reitora se opoña de forma expresa ao acordo que se considere contrario aos presentes Estatutos, á lexislación en vigor ou aos mandatos da Asemblea Xeral, ese membro quedaría exento de esa responsabilidade colexiada.

En relación coa responsabilidade dos membros da Xunta Reitora, aplicaranse as disposicións do Código Civil relativas ao mandato non retribuído, sen prexuízo das responsabilidades de calquera outro orde nas que puideran incurrir, tal como se establece no artigo seguinte.

#### 46º. **Responsabilidade dos membros da Xunta reitora**

Os membros da Xunta Reitora responderán dos danos e prexuízos que ocasionen á comunidade, tanto por dolo, como por culpa ou negligencia no cumprimento da súa misión.



## CAPÍTULO VII

### IMPUGNACIÓN DOS ACORDOS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E FACULTADES DA COMUNIDADE PARA REVOGALOS

#### 47º. Posibilidade de recorrer-los acordos da Asemblea xeral

Os acordos da Asemblea Xeral que sexan contrarios á Lei de montes veciñais en man común ou ao seu regulamento, os que infrinxan os presentes Estatutos e os que non resulten adecuados aos intereses xerais da propia comunidade, poderán ser recorridos por calquera comuneiro/a dentro dos sete (7) días naturais seguintes, no caso de que o comuneiro/a asistira á reunión da Asemblea Xeral onde se tomou o acordo que se pretende recorrer, ou dentro dos trinta (30) días naturais seguintes en caso de non haber asistido, sempre que a lexislación vixente en cada momento non estableza prazos superiores. A Asemblea xeral debe resolver os recursos presentados nun prazo de doce (12) meses dende a súa celebración ou no establecido na Lexislación en vigor, de ser menor e, en caso de ser en contra de ese recurso, o recorrente poderá acceder á xustiza ordinaria.

#### 48º. Posibilidade de recorrer-los os acordos da Xunta Reitora

Se se trata de acordos da Xunta Reitora que adoezan dos mesmos defectos sinalados no artigo anterior, deberán ser impugnados polos que se consideren prexudicados ante a mesma, no termo de quince (15) días dende o momento de ser dados a coñecer pola Xunta Reitora. Ese prazo axustarase ao establecido na Lexislación en vigor se o mesmo é maior.

A Xunta reitora convocará a Asemblea Xeral para a oportuna resolución e o acordo adoptado por esta última poderá ser recorrido na forma prevista no artigo anterior.

#### 49º. Revogación dos acordos tomados pola Asemblea xeral

A Asemblea Xeral poderá revogar calquera acordo adoptado por ela mesma ou pola Xunta Reitora, sempre que de forma notoria eses acordos lesionen os intereses xerais da Comunidade, requirindo os mínimos establecidos na Lexislación en vigor e que, no momento de aprobación dos presentes Estatutos, situábanse no voto favorable do 50% do censo de comuneiros en primeira convocatoria e do 30% en segunda.

Cando os acordos fosen contrarios á Lei ou ao Regulamento de Montes Veciñais en Man Común, aos presentes Estatutos, ou violasen a lexislación xeral, poderán ser suspendidos a iniciativa propia do presidente ata a reunión da Asemblea, cando así o soliciten tres membros da Xunta Reitora ou o vinte por cento (20%) dos veciños/as comuneiros/as, ou unha porcentaxe menor de estar así establecido na Lexislación en vigor no momento de ser solicitado.

Se tales acordos fosen ratificados pola Asemblea Xeral reunida ao efecto, poderán ser executados, sen prexuízo das responsabilidades en que incorra a propia Comunidade de ordenarse a súa revogación pola xurisdición competente.

## CAPÍTULO VIII

### ELECCIÓN DOS CARGOS DA XUNTA REITORA

#### 50º. Convocatoria da Asemblea Xeral para elixir nova Xunta Reitora

Antes de finalizar o mandato da Xunta Reitora, o presidente/a da Comunidade convocará sesión extraordinaria da Asemblea Xeral co fin de elixir unha nova Xunta Reitora. A convocatoria

deberá facerse cunha antelación que se axuste ao estipulado na lexislación en vigor en cada momento e que, no momento de aprobación de estes estatutos, é de trinta (30) días.

#### **51º. Sistema de elección da Xunta Reitora**

O sistema normal de elección de Xunta Reitora será pola modalidade de candidatura, completa e pechada.

#### **52º. Procedemento para a presentación de candidaturas**

As distintas candidaturas que se presenten depositaranse por escrito para a súa formalización ante o secretario/a da Xunta Reitora. Nas mesmas deben figurar a composición de cada unha delas e os cargos a que cada un se presenta, dentro dos quince (15) días anteriores á data de celebración da sesión da Asemblea Xeral para elixir Xunta Reitora, rematando o prazo ás dezanove horas (19:00h) do venres anterior á celebración da sesión de elección da Xunta Reitora. O secretario/a expedirá recibos ou certificará a presentación das candidaturas aos interesados/as.

#### **53º. Procedemento para a elección dos cargos**

Serán elixidos os cargos que integran a candidatura que maior número de votos obteñan dos comuneiros/as.

No caso de que se presentase unha soa candidatura, será necesario para a súa proclamación o voto a favor da maioría dos asistentes.

No caso de non presentarse ningunha candidatura, procederase a elixilos por votación en "lista aberta" entre os comuneiros/as asistentes á asemblea convocada ao efecto e co maior consenso posible. Acto seguido, os comuneiros/as elixidos manifestarán a súa aceptación dos cargos que serán ratificados pola Asemblea Xeral.

Calquera incidente ou recurso que se presente durante a celebración das eleccións, reflectirase na acta que o secretario levante, e resolverase na sesión da Asemblea Xeral que se celebrará a continuación do escrutinio e reconto de votos, procurando resolvelos na mesma.

#### **54º. Toma de posesión da nova Xunta Reitora**

Unha vez resoltos os incidentes e recursos que puideran darse, acordarase a validez das eleccións e do escrutinio e reconto de votos, procedéndose a declarar electos para os cargos da Xunta Reitora, tomando acto seguido posesión dos mesmos.

Unha vez que a nova Xunta Reitora tome posesión dos seus cargos, toda a documentación da Comunidade seralle entregada ao novo secretario/a.

#### **55º. De non ser posible o nomeamento de nova Xunta Reitora**

En caso de celebrarse sesión da Asemblea Xeral para elixir Xunta Reitora e non fora posible o seu nomeamento, a Xunta Reitora saínte poderá facer efectivo o seu cese deixando as súas obrigas de administración.



## CAPÍTULO IX APROVEITAMENTOS

### 56º. Propiedade dos aproveitamentos

Todos os aproveitamentos e beneficios do monte, incluído o exercicio da caza, pertencen en orixe exclusivamente aos comuneiros/as sen asignación de cotas ou parcelas específicas salvo que, en casos excepcionais, con carácter eventual e fins agrícolas, a Asemblea Xeral acorde a cesión temporal, a título oneroso ou de balde, de lotes ou sortes entre os seus membros, para o seu aproveitamento individual e por períodos de tempo que non superen en ningún caso os prazos establecidos nas leis en vigor nese determinado momento. Neste caso, unha vez terminado o período de cesión, non poderá ser cedido o mesmo lote ao cesionario anterior.

A realización dos aproveitamentos estará suxeita ás limitacións establecidas no ordenamento xurídico xeral.

### 57º. Tipos de aproveitamento

O aproveitamento e desfrute do monte realizarase, preferentemente, en réxime de aproveitamento común, e poderá ser:

- a) Directo e de balde;
- b) Con rendementos pecuniarios.

### 58º. Aproveitamentos directos e de balde

Serán aproveitamentos directos e de balde, aqueles que realicen os comuneiros/as de modo que os produtos aproveitados redunden directamente no seu beneficio particular ou familiar, sen proporcionar rendementos pecuniarios inmediatos e sen prexudicar o aproveitamento en común.

Entre outros, os aproveitamentos directos e de balde son os seguintes:

- Pastoreo do gando propiedade dos comuneiros/as, xa sexa de forma individual ou colectiva, se este aproveitamento é recoñecido e autorizado como tradicional na Comunidade.
- Esquilmos, leñas caídas ou de árbores secas, arume, varas de madeira, piñas, matogueiras, leñas de matogueira, cortiza, apicultura, froitos forestais, cogomelos ou plantas herbáceas, aromáticas e medicinais, cando non sexa aproveitamento con rendemento pecuniario e sempre e cando non se cause un prexuízo á natureza do monte ou aos seus outros aproveitamentos.
- A caza, cando non sexa aproveitamento con rendemento pecuniario e sexa aproveitado pola comunidade, sen previo establecemento de TECOR e sempre que o permita a lexislación en vigor.
- Cultivos eventuais en casos de necesidade e de acordo co que estableza a Asemblea Xeral.
- Augas baldías, de acordo co que estableza a Asemblea Xeral, e sempre que o permita a lexislación en vigor.
- Extraccións de materiais para usos propios ou comúns, de acordo co que estableza a Asemblea Xeral e sempre que o permita a lexislación en vigor.
- Pólas e restos vexetais procedentes das cortas de arboredo, de acordo co que estableza a Asemblea Xeral.

- E, en xeral, calquera outro aproveitamento para o propio consumo dos comuneiros, sempre que non estea prohibido polos presentes Estatutos e as demais normas de xeral aplicación.

Nos aproveitamentos directos e gratuítos, a participación será a estritamente necesaria para satisfacer as necesidades familiares e a explotación agraria do titular. Os comuneiros/as que realicen aproveitamentos individualizados para beneficio propio asumirán a responsabilidade e os gastos que se deriven das autorizacións administrativas, incidencias ambientais, danos a terceiros, seguridade social dos traballadores, requisitos de seguridade e saúde e calquera prexuízo que poida derivarse da actividade.

No caso do pastoreo, a Asemblea Xeral poderá autorizalo, prohibilo ou regulalo. Se o pastoreo foi autorizado, a Asemblea Xeral aprobará unha ordenanza ou regulamento de réxime interno que regule os dereitos, obrigas e responsabilidades tanto dos gandeiros/as como da propia Comunidade.

Se algúns destes aproveitamentos chegaran a escasear ou así fora conveniente, a Xunta Reitora proporá á Asemblea Xeral o sistema de distribución e limitacións que se considere máis idóneo para compaxinar a escaseza coas necesidades das persoas que viñan realizando o aproveitamento en cuestión.

En todo caso, os comuneiros/as teñen a obriga de comunicar previamente á Xunta Reitora os aproveitamentos directos que queiran realizar, dando conta da súa contía e localización.

No caso de que calquera produto de rendemento directo e de balde non sexa aproveitado en todo ou en parte, a Xunta Reitora poderá proceder á súa venda, se así o estima conveniente, investindo o diñeiro obtido en melloras da Comunidade.

Co fin de protexer, fomentar e ordenar a caza, a Asemblea Xeral poderá autorizar a constitución dun TECOR de caza, sobre a totalidade ou parte do monte, establecendo para iso as limitacións ou condicións que estime convenientes, sometendo os terreos do mesmo ao Réxime Especial Cinexético da vixente Lei de caza.

Así mesmo, a Asemblea xeral poderá acordar o acoutamento do aproveitamento de cogomelos sobre a totalidade ou parte do monte, establecendo para isto as limitacións ou condicións que estime convenientes, sometendo os terreos do mesmo á normativa vixente.

As augas de choiva e as que broten ou subterráneas do monte veciñal aproveitaraas a propia Comunidade de acordo co que estableza a Asemblea Xeral, sen prexuízo dos dereitos preexistentes adquiridos por outras persoas físicas ou xurídicas. En todo caso someterase o aproveitamento á lexislación de augas vixente.

#### **59º. Aproveitamentos con rendementos pecuniarios**

Entre outros, consideraranse aproveitamentos con rendementos pecuniarios todos aqueles que produzan ou sexan susceptibles de producir calquera tipo de contraprestación en metálico ou en especie e que non estean entre os considerados no artigo anterior. Entre os máis comúns, destacan:

- Vendas de madeira, pastos, cogomelos ou froitos con fins comerciais, ou calquera aproveitamento susceptible de producir diñeiro;
- Arrendamentos de pastos;
- Arrendamentos de canteiras ou minas, ou cesión en dereito de superficie;
- A caza mediante arrendamento ou explotación directa, no caso de que se considere ou así sexa acordado pola Asemblea Xeral;

- Cesión de calquera tipo, arrendamentos, dereitos de uso ou superficie, de todo ou parte do monte, para calquera cultivo, instalación ou aproveitamento do monte;
- Venda de biomasa con fins enerxéticos;
- Dereito de superficie para parques eólicos e outras fontes de enerxía.

As actuacións sobre o monte en función das necesidades da Comunidade, previstas nos artigos anteriores, estarán suxeitas aos plans de aproveitamentos establecidos no preceptivo instrumento de ordenación ou de xestión forestal, de acordo coa Lei de Montes de Galicia.

A explotación dos aproveitamentos referidos neste artigo requirirá do acordo favorable da Asemblea Xeral, e poderá ser efectuada por comuneiros ou terceiros. A súa cesión regularase segundo o disposto na Lei de Montes de Galicia, na Lei de Montes Veciñais en Man Común, no seu regulamentos e nos presentes Estatutos.

No caso particular dos alleamentos de madeira, poderán ser por adjudicación directa, valorando, ademais da oferta económica, a solvencia financeira do adxudicatario, a fiabilidade, a experiencia e a calidade na execución de traballos semellantes con anterioridade, entre outros criterios técnicos silvícolas que se poidan considerar.

Dos rendementos obtidos pola explotación de montes reservarase a porcentaxe que estableza a normativa en vigor para o coidado e mellora do monte.

#### **60º. Plans de aproveitamento do monte**

Os plans e proxectos para o aproveitamento do monte serán propostos pola Xunta Reitora e aprobados pola Asemblea Xeral que, auxiliada polos técnicos correspondentes, resolverá acerca dos seguintes extremos:

- a) Elaboración dos estudos necesarios para determinar as potencialidades do monte;
- b) Realizar os estudos pormenorizados das diferentes alternativas económicas en relación con cada unha das potencialidades dos montes;
- c) Decidir acerca da explotación pola propia Comunidade ou por terceiros, así como o réxime de explotación e as diferentes formas contractuais que haxa que revestir en cada caso.

#### **61º. Realización de contratos de xestión externa**

A Comunidade, no caso de que carecese dos recursos económicos e financeiros suficientes para a adecuada xestión e aproveitamento do monte veciñal poderá, no caso de que así sexa aprobado pola Asemblea Xeral, celebrar un contrato ou convenio temporal de xestión pública ou privada para toda ou parte da superficie do monte, co fin de garantir a sostibilidade económica, social e ambiental do mesmo.

Será requisito imprescindible que antes de aprobar o contrato ou convenio, a persoa, empresa ou organismo interesada presente un proxecto ou memoria técnica e económica que permita á Asemblea Xeral valorar a proposta. No contrato especificarase claramente a superficie de xestión, achegando planimetría ao mesmo, e os dereitos e deberes de cada parte.

#### **62º. Asociación con outras comunidades**

A Asemblea Xeral poderá facultar á Xunta Reitora para que realice, caso de interesarse, as xestións necesarias a fin de mancomunarse ou asociarse con outras comunidades que posúan montes veciñais en man común ou con propietarios de montes particulares, para realizar conxuntamente os plans de aproveitamentos dos mesmos, para algún dos seus aproveitamentos ou para a súa defensa, especialmente no referido aos incendios forestais e demais riscos a que pode estar suxeito o monte.

### 63°. **Conservación ecolóxica, ambiental e do patrimonio cultural**

Para a conservación ecolóxica, ambiental e do patrimonio cultural do monte, a Xunta Reitora, previa autorización da Asemblea Xeral, poderá tomar as medidas necesarias para que non se rompa o equilibrio ambiental ou se dane o patrimonio cultural do mesmo.

## CAPÍTULO X

### REINVESTIMENTOS E PARTICIPACIÓN NOS APROVEITAMENTOS

#### 64°. **Cotas mínimas de reinvestimento**

As cotas de reinvestimento a realizar pola Comunidade serán, como mínimo, as que se establezan na lexislación en vigor en cada momento.

#### 65°. **Actuacións ás que se destinarán os reinvestimentos**

As cotas de reinvestimento que corresponda investir en cada momento destinaranse a aqueles gastos que se estipulen na lexislación e, en calquera caso, atendendo de forma prioritaria aos gastos do seguinte tipo:

- Redacción ou actualización do instrumento de ordenación; e
- Execución dos traballos programados no instrumento de ordenación así como doutros traballos, de carácter extraordinario, directamente relacionados coa xestión forestal.

#### 66°. **Destino dos ingresos sobrantes**

Os ingresos sobrantes, unha vez aplicada a cota correspondente, poderanse investir, en todo ou en parte, en algún dos seguintes destinos:

- a) Na posta en valor do monte veciñal desde o punto de vista social, patrimonial, cultural e ambiental;
- b) En obras ou en servizos comunitarios;
- c) Na adquisición de monte; ou
- d) Na repartición, total ou parcial, en partes iguais entre todos os veciños/as comuneiros/as.

O reparto total ou parcial dos aproveitamentos ou beneficios que poida producir o monte entre os comuneiros/as, a partes iguais, só se aplicará no caso de estar satisfeitas todas as necesidades comunitarias e sempre e cando o monte se atope nun adecuado estado de capitalización.

## CAPÍTULO XI

### DISTRIBUCIÓN DAS CARGAS E DÉBEDAS, NO CASO DE APROVEITAMENTO DIRECTO DO MONTE, TOTAL OU PARCIAL, POLA VECIÑANZA COMUNEIRA

#### 67°. **Distribución das cargas ou débedas**

As cargas ou débedas que se produzan como consecuencia da posta en aproveitamento do monte deduciranse dos beneficios no caso de que estes existan. En caso contrario, ratearanse entre os comuneiros/as.

Ata que se cubran totalmente as débedas contraídas para o aproveitamento do monte, non se procederá á distribución de beneficios.

En caso de que se produza o ingreso dun comuneiro/a nun momento en que existan débedas pendentes derivadas do aproveitamento do monte, non poderá participar nos aproveitamentos e beneficios ata que participe no importe que, de xeito proporcional, lle corresponda nas referidas débedas.

#### **68º. Prestación persoal**

Nos casos en que a Asemblea Xeral estime necesaria a prestación persoal dos membros da Comunidade para certos traballos de aproveitamento ou mellora do monte, aqueles estarán obrigados a facelos na forma e días que indique a Xunta Reitora, con igualdade para todos os comuneiros/as, e aquel que non poida efectuar directamente este cometido nin el nin ningún membro da súa familia, deberá satisfacer á Comunidade unha cantidade equivalente á que cobraría un xornaleiro por facer ese traballo, considerando un salario equivalente ao mínimo interprofesional, no caso de non presentar unha persoa que se ocupe de realizar os traballos que lle correspondan.

A Asemblea Xeral disporá, caso por caso, o tempo e forma en que se efectuarán as prestacións económicas ou persoais.

### **CAPÍTULO XII**

#### **MODALIDADE DE DESFRUTE**

#### **69º. Forma primordial de aproveitamento do monte**

A Comunidade proporase como unha meta fundamental a posta en aproveitamento do monte, de forma que sexa susceptible de producir unha riqueza que mellore as súas condicións económicas, sociais e medioambientais. Por isto, a forma primordial de aproveitamento do referido monte será a que realice a propia Comunidade para a obtención de rendementos pecuniarios a curto, medio ou longo prazo, de acordo coa vocación das distintas partes do mesmo e segundo un instrumento de ordenación ou plan de xestión que sinala as posibilidades de cada zona, axustándose ao establecido na lexislación vixente.

#### **70º. Aproveitamentos directos individuais**

Soamente naqueles casos en que o aproveitamento en común con rendementos pecuniarios non fora posible, poderán admitirse aproveitamentos directos individuais para usos gandeiros ou de cultivos que realicen os veciños/as, de modo que os produtos aproveitados redunden en beneficio integramente particular ou familiar. En todo caso, estes aproveitamentos deben efectuarse de acordo coas normas que dite a comunidade e sen que se impida ou dificulte o uso igual aos restantes comuneiros/as, salvo que estes renuncien a el, en cuxo caso distribuirase entre o resto.

#### **71º. Aproveitamento acorde ao instrumento de ordenación**

En todo caso, o aproveitamento do monte efectuarase de acordo co instrumento de ordenación ou plan de xestión que deberá ser aprobado pola Comunidade e que ordenará os usos e aproveitamentos posibles e compatibles seguindo unha adecuada xestión sostible dos recursos.



## CAPÍTULO XIII CAMIÑO E PISTAS FORESTAIS

### 72º. Camiños e pistas forestais

A circulación con vehículos de motor polos camiños ou pistas forestais cuxa titularidade corresponda á Comunidade quedará limitada ao establecido na lexislación vixente e, en particular, as seguintes persoas:

- a) Aos comuneiros/as e o persoal contratado pola Comunidade;
- b) Ás servidumes de paso recoñecidas;
- c) Aos cazadores, pescadores/as e vixiantes debidamente autorizados;
- d) Aos gandeiros/as e aos técnicos/as relacionadas coa gandería debidamente autorizados;
- e) Ao persoal técnico forestal nas súas funcións de asesoramento ou xestión vinculado á Comunidade;
- f) Aos traballadores/as e persoal das empresas que realicen traballos ou servizos para a Comunidade;
- g) Aos funcionarios/as das administracións públicas competentes, no desenvolvemento das súas funcións atribuídas pola lexislación en vigor. Así mesmo, os técnicos/as e traballadores/as dos servizos de vixilancia e extinción de incendios forestais;
- h) Outras persoas ou entidades, alleas á propiedade, que foran expresamente autorizadas pola Xunta reitora.

O usuario/a do camiño ou pista forestal será o responsable de toda incidencia, dano ou prexuízo que poda producirse na súa utilización.

## CAPÍTULO XIV SANCIÓN

### 73º. Sancións

Os comuneiros/as que causen danos ou prexuízos ao monte veciñal ou a outros bens da Comunidade, aos seus aproveitamentos, que impidan ou dificulten a xestión do monte, que non cumpran debidamente os acordos validamente adoptados pola Asemblea Xeral ou a Xunta Reitora, no ámbito das súas competencias, ou que non cumpran coas obrigas establecidas no articulado dos presentes Estatutos, poderán ser sancionados por acordo expreso da Asemblea Xeral a proposta da Xunta Reitora. As sancións aplicables poderán ser, segundo a gravidade apreciada:

- a) Multa pecuniaria;
- b) Privación, de carácter temporal, do aproveitamento directo e de balde no monte veciñal;
- c) Privación temporal da participación nos rendementos pecuniarios ou beneficios líquidos que sexan susceptibles de producir os referidos montes, se fora o caso;
- d) Suspensión de dereitos con carácter temporal.

### 74º. Imposición de sancións

A Asemblea Xeral, unha vez estudados os danos ou prexuízos que se imputan ao comuneiro/a, procederá a levantar prego de cargos, se os houberse, detallando as supostas infraccións cometidas e proponendo a posible sanción a aplicar. O comuneiro/a infractor, de estar presente, poderá manifestar ante a Asemblea Xeral o que estime pertinente na súa defensa.

## DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

### 1ª. Primeira

Antes da aprobación destes estatutos adaptados á lexislación vixente, a Xunta Reitora concederá un prazo de trinta (30) días para que todos os comuneiros/as teñan coñecemento dos mesmos.

### 2ª. Segunda

No cumprimento do disposto na lexislación en vigor, estes Estatutos serán aprobados pola Asemblea Xeral coas maiorías cualificadas establecidas na Lexislación que lles afecta.

### 3ª. Terceira

Deberase dar conta á Sección Provincial de Pontevedra do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común de todos aqueles acordos da Asemblea Xeral que, segundo a lexislación en vigor en cada momento, requiran esa comunicación para a súa constancia e efectos legais, mediante instancia acompañada do certificado expedido polo secretario/a e co visto e prace do presidente/a, que indique os puntos aprobados xunto cos documentos que se precisen segundo esa mesma lexislación.

### 4ª. Cuarta

Dos presentes Estatutos, logo da súa remisión á Sección Provincial de Pontevedra do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común, e tras a súa inscrición no mesmo segundo constará na dilixencia que o antedito rexistro practicará nos mesmos, a Xunta Reitora facilitará unha copia a cada veciño/a comuneiro/a que así o solicite.

### 5ª. Quinta

Os estatutos polos que se viña rexendo a comunidade quedan derogados e substituídos polos presentes que terán plena validez ao día seguinte da súa aprobación.

## DISPOSICIÓN FINAL

No non previsto nos presentes Estatutos, rexerá a Lei de montes veciñais en man común e o seu regulamento, a Lei de montes de Galicia e, no seu defecto, a lexislación xeral vixente en cada momento.

En Vigo, a 18 de Xullo de 2021

O presidente



O secretario





O prego de cargos será comunicado por escrito ao infractor/a polo secretario/a da Xunta Reitora nun prazo máximo de sete (7) días contados a partir do día seguinte da celebración da reunión da Asemblea Xeral que o ditaminou.

O suposto infractor terá un prazo de quince (15) días, unha vez recibido o prego de cargos, para facer as oportunas alegacións por escrito perante a Xunta Reitora, sendo esta quen, unha vez estudadas as alegacións, resolverá no prazo de quince (15) días a sanción, ou non, a impoñer en virtude do estipulado no prego de cargos e no artigo 73.

As sancións serán comunicadas por escrito ao infractor/a polo secretario/a da Xunta reitora nun prazo máximo de trinta (30) días contados a partir do día seguinte no que a Xunta Reitora tomou o acordo. Se a sanción consiste nunha multa pecuniaria, o infractor deberá ingresar o importe na conta bancaria que ao efecto teña aberta a Comunidade, nun prazo máximo de trinta (30) días a partir do seguinte no que reciba a notificación da sanción.

Con independencia das sancións que lles sexan impostas, o infractor/a poderá ser obrigado/a a reparar os danos e prexuízos ocasionados á Comunidade, así como a repoñer as cousas ao seu estado anterior.

## CAPÍTULO XV

### **EXTINCIÓN DA COMUNIDADE E DESTINO DOS BENS COMÚNS**

#### **75º. Extinción da Comunidade**

A Comunidade extinguirase por calquera das seguintes causas:

1. Por disposición legal que así o ordene;
2. Por renuncia de tódolos comeneiros/as;
3. Por perda da propiedade do monte, calquera que sexa a causa, salvo que existan bens recibidos como substitución do monte que sexa necesario xestionar;
4. Por deixar de existir veciños/as na parroquia;
5. Por imposibilidade de continuar desenvolvendo as actividades comunitarias para as que se constituíu.

#### **76º. Liquidación da Comunidade**

Unha vez extinguida a Comunidade, procederase á súa liquidación pola Xunta Reitora, salvo que a Asemblea Xeral acorde o nomeamento de liquidadores especiais. A Asemblea Xeral poderá nomear os interventores/as que considere convenientes.

Cando se produza a perda dos montes e estes fosen substituídos por outros bens, poderá subsistir a Comunidade para a explotación de estes bens, sempre que a Asemblea Xeral o acorde co voto favorable dun terzo dos comeneiros.

Os bens comúns, os que os substituíran, ou as indemnizacións que se reciban por tal motivo, terán o destino que marque a lei que ampare a extinción da comunidade. No caso de xestión cautelar pola consellería competente en materia de montes, aterase ao disposto na lexislación vixente de montes veciñais en mano común.